

## **SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO**

### **TEMA 7- Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia**

1. De conformidade co establecido no artigo 1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, este decreto ten por obxecto regular:

- a) O impulso e o desenvolvemento dos servizos electrónicos.
- b) O deber dos cidadáns para relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos.
- c) A tramitación de todos os procedementos administrativos.

2. De conformidade co establecido no artigo 2.C.e) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as medidas establecidas neste decreto teñen por finalidade:

- a) Contribuír á mellora do funcionamento da Xunta de Galicia.
- b) Mellorar as condicións de satisfacción do interese público, simplificando os procedementos administrativos.
- c) Simplificar os procedementos administrativos de transparencia e bo goberno.

3. De conformidade co establecido no artigo 3.a) do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, o presente decreto será de aplicación:

- a) A todos os órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e aos cidadáns.
- b) A todos os órganos e unidades da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) A todas as unidades e órganos da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e ás súas universidades.

4. De conformidade co establecido no seu artigo 6.d) as previsións do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes son:

- a) A Xunta de Galicia adoptará as medidas que ha de aplicar a Administración electrónica nas súas oficinas de atención ao cidadán.
- b) A Xunta de Galicia adoptará as medidas de acceso único á Administración electrónica a través da rede de oficinas de atención ao cidadán.
- c) A Xunta de Galicia difundirá a Administración electrónica a través da súa rede de oficinas de atención ao cidadán.

5. De conformidade co establecido no seu artigo 7.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as administracións públicas:

- a) Farán efectiva a aplicación do principio de protección das persoas con algún tipo de discapacidade e da infancia.
- b) Farán efectiva a aplicación do principio de protección das persoas maiores e da infancia.
- c) Farán efectiva a aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO**

6. Segundo o establecido no artigo 8.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes:

- a) A sede electrónica é o enderezo electrónico e representa unha fonte de información auténtica na que o organismo titular identificado garante todos os servizos que presta.
- b) A sede electrónica é o enderezo electrónico e representa unha fonte de información auténtica, veraz e actualizada da información.
- c) A sede electrónica é o enderezo electrónico, de información auténtica, estatísticas e servizos aos que se pode acceder.

7. Segundo o establecido no artigo 8.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes:

- a) A sede electrónica rexerese polo calendario de días festivos anual.
- b) A sede electrónica rexerese pola data e a hora oficial da comunidade.
- c) A sede electrónica rexerese pola hora da Comunidade Autónoma de Galicia.

8. Segundo o establecido no artigo 8.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, serán responsables do acceso aos servizos, procedementos e informacións accesibles:

- a) As persoas titulares das direccións xerais.
- b) As persoas titulares das secretarías xerais.
- c) As persoas titulares das subdireccións xerais.

9. Segundo o establecido no artigo 8.5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, a titularidade da sede electrónica corresponderá:

- a) A cada unha das consellerías.
- b) Á consellería con competencia en materia de administracións públicas.
- c) Á consellería con competencia en materia de facenda.

10. Segundo o establecido no artigo 8.6 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, serán responsables do contido dos servizos accesibles na sede electrónica:

- a) As secretarías xerais.
- b) As direccións xerais.
- c) As subdireccións xerais.

11. Segundo o establecido no artigo 10 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, as sedes electrónicas creadas polas diferentes entidades incluídas no ámbito de aplicación deste decreto:

- a) Deberán resultar accesibles desde o enderezo electrónico da sede da Xunta de Galicia.
- b) Poderán ser accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia.
- c) Deberán de establecer un acceso electrónico directo.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO**

12. Segundo o establecido no artigo 11.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre o rexistro electrónico da Xunta de Galicia:

- a) Estará dispoñible as vinte e catro horas de todos os días do ano.
- b) Estará dispoñible todos os días do ano, excepto os festivos nacionais.
- c) Estará dispoñible todos os días do ano, excepto os festivos da Comunidade Autónoma de Galicia.

13. Segundo o establecido no artigo 11.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre o rexistro electrónico da Xunta de Galicia:

- a) Soamente se poderá interromper por calquera motivo técnico ou operativo.
- b) Soamente se poderá interromper por motivos xustificados de carácter técnico e operativo.
- c) Non se poderá interromper en ningún caso.

14. Segundo o establecido no artigo 11.4 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre o rexistro electrónico da Xunta de Galicia no suposto de interrupción non planificada:

- a) A persoa usuaria terá dereito a solicitar un certificado sobre esta circunstancia.
- b) A sede electrónica remitirá automaticamente unha mensaxe na que se comunique esta circunstancia.
- c) A persoa usuaria deberá visualizar unha mensaxe na que se comunique esta circunstancia.

15. Segundo o establecido no artigo 12.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, o taboleiro de anuncios electrónico da Xunta de Galicia:

- a) Incluirá a notificación de actos administrativos ás persoas interesadas nun procedemento cando sexan descoñecidas, o lugar da notificación cando este non estea correctamente determinado ou, logo de intentada a notificación, cando esta non se puidese efectuar.
- b) Só incluirá a notificación de actos administrativos cando as persoas interesadas nun procedemento sexan descoñecidas.
- c) Só incluirá a notificación nos casos nos que, despois de intentada esta, non se puidese practicar.

16. Segundo o establecido no artigo 12.5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a publicación no taboleiro de anuncios electrónico da Xunta de Galicia:

- a) O disposto neste precepto afectará as publicacións nos taboleiros de anuncios doutras administracións públicas.
- b) O disposto neste precepto non afectará as publicacións nos taboleiros de anuncios doutras administracións públicas.
- c) O disposto neste precepto aplicarase supletoriamente á regulación dos taboleiros de anuncios doutras administracións públicas da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO**

17. Segundo o establecido no artigo 19.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a identificación e autenticación dos cidadáns polo persoal funcionario:

- a) As entidades públicas incluídas no presente decreto poderán crear un rexistro actualizado dos funcionarios habilitados para a identificación dos cidadáns.
- b) As entidades públicas incluídas no presente decreto terán un rexistro actualizado dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns.
- c) As entidades públicas incluídas no presente decreto crearán en cada órgano de dirección un rexistro actualizado dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns.

18. Segundo o establecido no artigo 15.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a sinatura electrónica:

- a) O uso da sinatura electrónica excluírá o deber de incluír no documento ou comunicación electrónica os datos de identificación.
- b) O uso da sinatura electrónica non excluírá o deber de incluír no documento ou comunicación electrónica os datos de identificación necesarios.
- c) O uso da sinatura electrónica fai innecesaria a inclusión no documento dos datos de identificación.

19. Segundo o establecido no artigo 18.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a identificación dos empregados públicos:

- a) Os sistemas de sinatura electrónica facilitados aos empregados públicos pola Xunta de Galicia poderán ser utilizados para o desenvolvemento das funcións propias do seu posto e outros usos.
- b) Os sistemas de sinatura electrónica facilitados aos empregados públicos pola Xunta de Galicia só poderán ser utilizados no desenvolvemento das funcións propias do posto que ocupen.
- c) Os sistemas de sinatura electrónica facilitados aos empregados públicos pola Xunta de Galicia só poderán ser utilizados para relacionarse coas administracións públicas no desempeño da función pública.

20. Segundo o establecido no artigo 19.2 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a identificación e autenticación dos cidadáns polo persoal funcionario:

- a) O rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns non se lles poderá facilitar a outras administracións públicas.
- b) O rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns poderá facilitárselles a outras administracións públicas se así o acorda o órgano de dirección.
- c) O rexistro dos funcionarios habilitados para a identificación ou autenticación dos cidadáns poderá facilitárselles a outras administracións públicas mediante un convenio de colaboración.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO**

21. Segundo o establecido no artigo 24.1 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre as comunicacións electrónicas:

- a) A Xunta de Galicia comunicarase por medios electrónicos cos cidadáns, sempre que así o soliciten por escrito.
- b) A Xunta de Galicia comunicarase por medios electrónicos cos cidadáns, sempre que así o soliciten mesmo electronicamente.
- c) A Xunta de Galicia non se poderá comunicar por medios electrónicos cos cidadáns.

22. Segundo o establecido no artigo 24.6 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre as comunicacións electrónicas:

- a) A Xunta de Galicia utilizará exclusivamente medios electrónicos nas súas comunicacións con outras administracións públicas.
- b) A Xunta de Galicia utilizará preferentemente medios electrónicos nas súas comunicacións con outras administracións públicas.
- c) A Xunta de Galicia utilizará, na medida do posible, medios electrónicos nas súas comunicacións con outras administracións públicas.

23. Segundo o establecido no artigo 24.8 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre as comunicacións electrónicas:

- a) Os cidadáns non poderán modificar a maneira de comunicarse coas entidades incluídas no ámbito de aplicación do presente decreto.
- b) Os cidadáns poderán modificar sucesivamente a maneira de comunicarse coa Xunta de Galicia, salvo que se aprecie abuso de dereito.
- c) Os cidadáns poderán modificar sucesivamente sen límites a maneira de comunicarse coa Xunta de Galicia.

24. Segundo o establecido no artigo 25.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a notificación electrónica:

- a) A Xunta de Galicia poderán facer uso doutros medios de comunicación.
- b) A Xunta de Galicia non poderá facer uso doutros medios de comunicación.
- c) A Xunta de Galicia poderá facer uso doutros medios de comunicación, sen que esta comunicación substitúa a notificación prevista nas leis.

25. Segundo o establecido no artigo 25.5 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a notificación electrónica:

- a) O medio electrónico sinalado para os efectos de notificación poderase revogar só por resolución do órgano directivo.
- b) O medio electrónico sinalado para os efectos de notificación non se poderá revogar.
- c) O medio electrónico sinalado para os efectos de notificación poderase revogar nos supostos previstos neste decreto.

## **SUBGRUPO A2-TEMA 7-ADMON ELECTRÓNICA-GALEGO**

26. Segundo o establecido no artigo 26.3 do Decreto 198/2010, do 2 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes, sobre a práctica da notificación por medios electrónicos:

- a) A notificación entenderase rexeitada en todo caso cando transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido.
- b) A notificación entenderase rexeitada cando transcorran dez días hábiles sen que se acceda ao seu contido, salvo que se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.
- c) A notificación entenderase rexeitada cando transcorran dez días naturais sen que se acceda ao seu contido, salvo que se comprobe a imposibilidade técnica ou material de acceso.